



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSELLO SOCIAL  
DO 07.10.2024**

**LUGAR:** Sala II do edificio Miralles, campus de Vigo

**DATA:** 07.10.2024

**HORA DE COMEZO:** 12:00 h.

**HORA DE REMATE:** 13:00 h.

**LISTA DE ASISTENTES**

Pedrosa Silva, Ernesto (presidente)

Reigosa Roger, Manuel Joaquín

Calviño Rodríguez, Xulio

García Míguez, María de los Ángeles

Larriba Leira, María Elvira

Novoa Rodríguez, María Sol

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

**DESCULPAN ASISTENCIA**

Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo



O luns día 7 de outubro de 2024, ás 12:00 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión Executiva do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (28.05.2024).
2. Informe do presidente.
3. Presentación dos resultados da enquisa de autoavaliación e desempeño do Consello Social, e configuración do novo cadro de asistencias.
4. Informe que proceda sobre a creación do Instituto de Investigación Lingua. (Consello de Goberno do 30 de xullo de 2024).
5. Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración económica do Consello Social para a organización do X Memorial Manuel Serra, sobre "Dereito procesual e cidadanía: retos socioeconómicos e politización da xustiza", en Ourense.
6. Acordo que proceda sobre a petición de apoio económico do Consello Social para a organización do Salón de Educación e Formación de Galicia (EDUGAL), en Pontevedra.
7. Acordo que proceda sobre a petición de apoio económico, por circunstancias excepcionais, para desenvolver o Programa da Universidade de Vigo que facilita a xoves con discapacidade intelectual acceder á formación universitaria, mediante un título propio que se imparte para o emprego e a vida autónoma.
8. Proposta de designación da representación do Consello Social no Instituto de Investigación Lingua da Universidade de Vigo.
9. Proposta de designación da representación do Consello Social no Consello Reitor do Campus Auga.
10. Aprobación do aumento e designación, se procede, de dous novos membros para formar parte da Comisión Económica do Consello Social.
11. Calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2026/2027.
12. Rogos e preguntas.

---

*Agradece o presidente a asistencia dos membros e a presenza do responsable da Unidade de Análises e Programas da UVigo, David Basalo, e do encargado da web do Consello Social, Lois Rodríguez, para presentar o punto 3.*

#### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (28.05.2024).*

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 2**

*Informe do presidente.*

Lembra Ernesto Pedrosa que fai catro meses que se puña en marcha a enquisa que hoxe se presenta, para mellorar os chamados *deberes de dilixencia* esixidos pola Fundación Haz aos consellos sociais para outorgar maiores niveis de transparencia á Universidade de Vigo. Por unha parte trátase de identificar as presencias e ausencias de cada un dos membros ás reunións ás que son convocados; doutra banda faise unha avaliación de desempeño e valoración do Consello Social mediante a opinión individualizada dos seus compoñentes.



Agradece a Lois Rodríguez a elaboración e o deseño da enquisa e a David Basalo as aportacións e a guía para levala a cabo. Subliña o elevado número de membros que responderon á enquisa (29 dos 31 que compoñen o Consello Social), e apunta que nalgúns casos fixeron suxestión que serán tidas en conta para seguir mellorando no posible.

Respecto da orde do día destaca os puntos referidos á designación de representantes do Consello Social en distintos órganos e entidades, "que ensancha a implicación e a presenza deste no entorno académico, social, cultural e empresarial", e salienta a incorporación do Grupo Valtalia ao Campus Auga "que de seguro reportará importantes sinerxías polo seu elevado grado de especialización e potencia empresarial".

Finalmente cita a incorporación dun punto para propor a axuda a un programa universitario para xoves con discapacidade, pese a non ser un campo de acción no que deba intervir o Consello Social salvo en circunstancias "moi excepcionais, como é o caso".

### **PUNTO 3**

*Presentación dos resultados da enquisa de autoavaliación e desempeño do Consello Social, e configuración do novo cadro de asistencias.*

Intervén Lois Rodríguez para presentar as conclusións da enquisa que, en conxunto, reflicte un 94% de respostas favorables ou parcialmente favorables, e unha porcentaxe de desacordo que apenas acadada o 1%. Dá conta da metodoloxía aplicada, do prazo de exposición, do tempo medio das respostas (case que 6 minutos), do elevado nivel de participación e do anonimato das contestacións. Os presentes conveñen en destacar a positiva valoración do traballo que está a facer o Consello Social, profundando en distintos aspectos e circunstancias susceptibles de influír dalgún xeito nos resultados. O secretario fai referencia ás suxestións feitas por algúns dos membros, e engade que serán todas tidas en conta no posible para mellorar a actividade. Acórdase que sexan remitidas aos membros para o seu coñecemento e ponderación.

David Basalo agradece o traballo que está a facer neste eido o Consello Social, e a importancia de ter feito a enquisa para que a UVigo acade mellores valoracións nos indicadores de transparencia, co conseguinte acceso a fondos e recursos.

- ***A Comisión dáse por informada.***

### **PUNTO 4**

*Informe que proceda sobre a creación do Instituto de Investigación Lingua. (Consello de Goberno do 30 de xullo de 2024).*

Como resumo da documentación que se achega, trátase do primeiro Instituto no ámbito das Humanidades, e estará integrado por 40 investigadores.

- ***Apróbase elevar informe favorable ao Pleno.***

### **PUNTO 5**

*Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración económica do Consello Social para a organización do X Memorial Manuel Serra, sobre "Dereito procesual e cidadanía: retos socioeconómicos e politización da xustiza", en Ourense.*

Resume o presidente que a Área de Dereito Procesual da UVigo, coordinada pola catedrática Esther Pillado, co obxectivo de transmitir coñecemento á sociedade, organiza unas xornadas abertas a alumnos no Campus de Ourense, os días 7 e 8 de novembro, para debater, reflexionar e buscar solucións prácticas aos principais desafíos xurídicos que a evolución da sociedade e a economía están a expor no campo do dereito procesual: vulnerabilidade, intereses supraindividuais, delincuencia económica e cibercriminalidade. Participan máis de trinta profesores e profesionais.

- ***Concédesse unha axuda de 2.000 €.***



## **PUNTO 6**

*Acordo que proceda sobre a petición de apoio económico do Consello Social para a organización do Salón de Educación e Formación de Galicia (EDUGAL), en Pontevedra”.*

A Asociación de empresarios de Pontevedra organiza a XIII edición da maior mostra sobre a oferta educativa de Galicia, e un punto de encontro para o alumnado, os profesionais do ensino, os centros de formación, as empresas, os formadores para o emprego e as institucións educativas. Está orientado a estudos universitarios, formación profesional, ensinanzas militares, idiomas e novas tecnoloxías. Durante tres días, o Salón disporá de stands informativos, áreas de coloquios orientadores e actividades alternativas (deportivas, culturais, tecnolóxicas...).

- ***Concédesse unha axuda de 2.500 €.***

## **PUNTO 7**

*Acordo que proceda sobre a petición de apoio económico, por circunstancias excepcionais, para desenvolver o Programa da Universidade de Vigo que facilita a xoves con discapacidade intelectual acceder á formación universitaria, mediante un título propio que se imparte para o emprego e a vida autónoma.*

Consonte se informa, e a petición da Vicerreitoría de Extensión Universitaria, valórase a posibilidade de que o Consello Social contribúa a financiar un Programa universitario da UVigo para o emprego e a vida autónoma para persoas entre 18 e 30 anos con un 33% ou máis de discapacidade intelectual. A petición é excepcional, e así o acredita un informe solicitado ao Centro de Posgrao e Formación Permanente, xa que a impartición do segundo curso do título está en risco por quedar sen financiación externa de maneira imprevista, o que deixaría sen a oportunidade de rematar a formación a 16 alumnos especiais que aproveitaron con éxito o primeiro curso. A Vicerreitoría negocia noutras instancias apoios para completar o orzamento necesario. M<sup>a</sup> Elvira Larriba felicita ao Consello Social pola iniciativa que toma neste asunto e agradece a súa decisión de colaborar, porque para as familias, os compañeiros e as asociacións implicadas tratase dun “exemplo de integración” especialmente valioso. De xeito semellante maniféstase o reitor, que dá os parabéns ao Consello Social polo apoio que presta a esta causa, avogando porque o curso permaneza para sempre na UVigo.

- ***Apróbase a asignación dun máximo de 10.000 €.***

## **PUNTO 8**

*Proposta de designación da representación do Consello Social no Instituto de Investigación Lingua da Universidade de Vigo.*

Para dar cumprimento á petición da Vicerreitoría de Investigación, o presidente propón a designación como representante do Consello Social no órgano de goberno do Instituto, de Avelino Muleiro García, dado o seu acaído perfil académico e a súa recoñecida e activa militancia cultural.

- ***Apróbase por asentimento.***

## **PUNTO 9**

*Proposta de designación da representación do Consello Social no Consello Reitor do Campus Auga.*

Expón o secretario unha breve descrición da empresa Valtalia, que se propón para representar ao Consello Social no Consello Reitor do Campus Auga. Salienta que é unha compañía con sede central en Ourense e máis dun milleiro de empregados, con alta especialización e potencia industrial e tecnolóxica que a converte na maior empresa española de economía circular, dándose a circunstancia de que foi creada e está presidida por un ex-alumno da UVigo. Entre outras referencias, engade Ignacio Rodríguez que, por volume, é a empresa de Europa con maior capacidade para reciclar plástico flexible, e unha das poucas do mundo capaz de xerar valor co film post-consumo. Posúe ademais unha notable implantación no tratamento integral do ciclo da auga e na enxeñaría hidráulica dende que en 2019 adquiriu Espina Obras Hidráulicas. Marisol Nóvoa, como presidenta da CEO, subscribe a notoria importancia da empresa,



a deliberada baixa presenza mediática que a converte nunha gran descoñecida e gran capacidade do seu presidente, César Pereira, co que comparte veciñanza no Carballiño. Os presentes intercambian opinións sobre a idoneidade da actividade que desenvolve para a representación que se propón malia o escaso coñecemento que teñen respecto da súa existencia. O reitor congratúlase da elección.

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 10**

*Aprobación do aumento e designación, se procede, de dous novos membros para formar parte da Comisión Económica do Consello Social.*

Ernesto Pedrosa argumenta que a intensidade coa que está a traballar a Comisión demanda fortalecer a súa composición, propoñendo ampliar o número de membros de sete a oito. Así mesmo propón designar a Xosé Manuel Atanes Limia como novo compoñente da mesma, ao que lle agradece a aceptación do novo cometido, quedando vacante o nomeamento doutro membro.

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 11**

*Calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2026/2027.*

Dáse conta do procedemento e do calendario para verificar ou modificar os títulos de grao, máster e doutoramento para o curso 2026/2027. O proceso comeza este mesmo mes coa presentación da declaración de interese, e rematará o 30 de maio de 2025 co envío da solicitude á Consellería. O Consello Social deberá emitir o seu preceptivo informe antes do 30 de xuño.

- ***A Comisión dáse por informada.***

#### **PUNTO 12**

*Rogos e preguntas.*

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:00 horas do 7 de outubro de 2024, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente da Comisión Executiva,  
Ernesto Pedrosa Silva  
(Asinado dixitalmente)

O secretario,  
Ignacio Rodríguez Iglesias  
(Asinado dixitalmente)